



Concello de A Capela

ACTA DA SESIÓN DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO-URXENTE REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 4 DE NOVEMBRO DE 2019

<p>ASISTENTES:</p> <p>Presidente: D. Manuel Meizoso López</p> <p>CONCELLEIROS: D^a. Natalia Paz Álvarez D. Emilio Riobó Piñón D^a. María Rocio Permuy Ramudo D. Juan Manuel Soto López D. Marcos Rodríguez Calvo D. Martín Blanco Hermida D^a. Olga María Blanco Teijeiro</p> <p>SECRETARIO: D. José Antonio Meizoso Paz</p>	<p>No Salón de sesión desta Casa do Concello da Capela, provincia da Coruña, sendo as oito horas e trinta minutos do día catro de novembro de dous mil dezanove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Meizoso López, reúnen os Sres/as. Concelleiros/as. que se relacionan na marxe, asistidos do Secretario da Corporación coa finalidade de realizar a sesión convocada para o día de hoxe.</p> <p>Non asiste a sesión a Concelleira D^a. Montserrat Seco Cabarcos</p>
--	---

I.-RATIFICACION DA URXENCIA DA SESIÓN. ACORDO QUE PROCEDA

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente de que a urxencia da sesión ven motivada pola necesidade de aprobar a Modificación da Ordenanza Fiscal Nº 1 Reguladora do Imposto de Bens Inmóveis (IBI) para introducir as bonificacións ós inmóveis que se adican as actividades agrícolas, gandeiras e forestais.

A modificación ten que estar exposta ó público polo prazo de trinta días de ahí a urxencia, para que entre en vigor o día un de xaneiro de dous mil vinte.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres/as. Concelleiros/as asistentes á sesión ratifica a urxencia da sesión.

II.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 25 DE OUTUBRO DE 2019. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres/a. Concelleiros/a. asistentes á sesión, se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e cinco de outubro de dous mil dezanove.



Concello de A Capela

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno do Concello por unanimidade dos Sres/as. Concelleiros/as. asistentes á sesión acorda aprobar a acta da sesión anterior.

III.-MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL Nº 1 REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES (IBI).APROBACION. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da proposta da Alcaldía referente a Modificación do artigo 4 da Ordenanza Fiscal Nº 1 Reguladora do Imposto de Bens Inmobles (IBI) que inclúe bonificacións do 90 por cento para os inmobles que están exclusivamente adicados a actividades agrarias, gandeiras e forestais e do 50 por cento para aqueles que se adican a tales actividades pero que están anexos as vivendas dos titulares. Asimesmo a modificación da ordenanza recolle aquela documentación que deben presentar os interesados/as para acceder as bonificacións.

Sendo as oito horas e trinta e tres minutos incorpórase á sesión o Concelleiro D. Juan Manuel Soto López.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo díse que o seu Grupo está de acordo coa modificación da ordenanza de referencia e que o único pero foi a tardanza do Equipo de Goberno en modificar a mesma, xá que houbo un acordo mediante moción presentada polo Grupo Municipal de AIAC no mes de xuño de 2018.

Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente que senon se tramitou antes foi porque o Concello estivo esperando para ver como afectaba os veciños o catastrazo neste tipo de inmobles adicados a actividades do sector primario.

Pola voceira do Grupo Mixto-PP, Dna. Olga María Blanco Teijeiro díse estar de acordo coas bonificacións e coas axudas que poidan ter a xente que se adica a agricultura, gandeiría e forestal no sector primario.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres/as. Concelleiros/as asistentes a sesión adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar provisionalmente a Modificación do artigo 4 (bonificacións) da Ordenanza Fiscal Reguladora Nº 1 do Imposto de Bens Inmobles que queda redactado do seguinte xeito:

Artigo 4

1 As bonificacións obrigatorias serán as establecidas nos apartados 1, 2 e 3 do artigo 73 do RDL 2/2004, do 5 de marzo que regula o Texto Refundido da Lei

Concello de A Capela

Reguladora de Facendas Locais.

2 Gozarán dunha bonificación do 90 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean situadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras e forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

No suposto que nun mesmo inmovible existan, ademáis das construcións indicadas no parágrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias, gandeiras ou forestais, aplicaráselle unha bonificación do 50 por cento da cota íntegra do imposto. Se nese mesmo inmovible se desenvolve unha actividade económica distinta á agraria ou gandeira non se poderá conceder bonificación algunha.

Para poder aplicar esta bonificación á construción cuxa existencia motiva a súa solicitude, deberá estar dada de alta debidamente no Catastro e ter asinado un valor catastral económico.

A bonificación terá carácter rogado e xerará efectos a partir do período impositivo seguinte ao da presentación da solicitude.

Para poder gozar desta bonificación os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo, de que está desenvolvendo a actividade agraria, gandeira ou forestal, así como Certificado de Facenda no que conste a súa situación censual.
- Declaración de que no inmovible para o que se solicita a bonificación non se está a desenvolver unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal. Dita declaración deberá vir asinada polo suxeito pasivo.
- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.
- Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda estatal, atunómica e local, nin coa Seguridade Social.
- Xustificante de recoñecemento da explotación ou licenza da actividade correspondente.

Unha vez informada a solicitude pola Secretaría-Intervención, formularase





Concello de A Capela

proposta ao Pleno da Corporación aos efectos de determinar se concorren as circunstancias para a declaración de especial interese ou utilidade municipal, decidindo tal asunto por maioría simple.

O Concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos exposto ao respecto desta bonificación.

Os obrigados tributarios deberán comunicar no Concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación do beneficio fiscal. O órgano competente poderá declarar, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de 10 días, contados a partir da notificación da apertura de dito prazo, se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a Administración coñeza por calquera medio a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

2º.- Expoñer ó público o acordo provisional de Modificación da Ordenanza Fiscal de referencia polo prazo de trinta días ós efectos de que polos interesados se poidan presentar as reclamacións e suxerencias que se estimen oportunas.

3º.- No suposto de que non se houbera presentado ningunha reclamación ou suxerencia entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, publicándose o texto definitivo da Ordenanza Fiscal no BOP.


IV.- MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO SOBRE SOLICITUDE DE INCLUSIÓN DE OBRA NA SEGUNDA FASE DO POS+ADICIONAL 1/2019. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dase conta o Pleno do Concello da modificación do proxecto que foi aprobado polo Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 30 de agosto de 2019, coa modificación proposta o viveiro de empresas situarase na primeira planta do edificio co que se gañan tres locais máis e o baixo adicarase a Centro Social e da Terceira Idade.

O orzamento desta actuación sube ata os setenta e dous mil euros (72.000,00 €), IVE engadido.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde-Presidente para dicir que é necesaria a súa aprobación para remitila a Deputación Provincial da Coruña.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo díse que é mellor a ubicación do viveiro de empresas na planta primeira.



Concello de A Capela

A voceira do Grupo Mixto-PP, Dña. Olga María Blanco Teijeiro manifesta que a planta baixa é a máis axeitada para a xente maior pola facilidade de acceso.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres/as. Concelleiros/as asistentes a sesión adopta o seguinte acordo:

1.- Deixar sin efecto a solicitude formulada á Deputación Provincial da Coruña para a inclusión da obra denominada "Acondicionamento interior de local municipal para viveiro de empresas", cun orzamento de 58.560,03 euros, na segunda fase do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal Adicional 1/2019 ao abeiro do acordo plenario de data 30 de agosto de 2019 motivado polas razóns de que o 1º andar dispón dunha maior superficie e polo tanto pode albergar máis despachos e unha sala de xuntas e o centro social na planta baixa ofrece unha mellor accesibilidade para as persoas maiores e con problemas de mobilidade.

2.- Participar na **2ª Fase do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) Adicional 1/2019** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións.

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+Adicional 1/2019	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración "Acondicionamento do edificio municipal sito no lugar de As Neves nº 33 para destinalo a viveiro de empresas e centro social"	58.560,03 €	13.439,97 €	72.000,00 €
TOTAL	58.560,03 €	13.439,97 €	72.000,00 €

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª

Concello de A Capela

Fase do POS+Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

V.- MODIFICACIÓN DE ACORDO PLENARIO DE CAMBIO DE USOS EN EDIFICIO MUNICIPAL. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Polo Sr. Alcalde-Presidente díse ó Pleno da Corporación que como consecuencia da Modificación do acordo plenario de data 30 de agosto de 2019 e o cambiar a ubicación do viveiro de empresas na planta primeira é necesario tamen modificar os usos que neste caso serán comercial para a planta primeira do inmovible municipal sito no lugar de As Neves Nº 33 que se adicará a viveiro de empresas e socio-cultural para a planta baixa que se adicará a Centro Social e da 3ª Idade.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres/as. Concelleiros/as asistentes a sesión adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Modificar o acordo plenario de data 30 de agosto de 2019 no sentido de cambiar os usos do edificio municipal situado en As Neves que acollía ata o de agora o Centro de Saúde na planta baixa e o Centro Social e da 3ª Idade na primeira planta.





Concello de A Capela

Segundo: Asignar novos usos para o inmovible de referencia que son os de comercial para a primeira planta e socio-cultural para a planta baixa.

E xá que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde dá por rematada a sesión sendo as oito horas e corenta minutos, de todo o cal eu, Secretario, do fé, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O alcalde-presidente,

O secretario,

Manuel Meizoso López

José Antonio Meizoso Paz

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0015 Data: 04/11/2019



Cod. Validación: EZ3HGROELEIWMXZ9PMTPKAPX4J | Corrección: <https://concelloacapela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 7

